

**falaRedes**  
programa de dinamización lingüística

## — BRINCA VAI DE AQUÍ A ACOLÁ! —

O programa de dinamización lingüística FalaRedes, organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, incorpora unha sexta proposta para pechar a edición de 2014. Trátase de Brinca vai de aquí a acolá!, un concerto-obradoiro que chegará a 26 concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia nos derradeiros meses do ano, da man do actor e músico Paco Nogueiras.

Tras o éxito colleitado ata o momento polas tres actividades infantís postas en marcha polo FalaRedes –o concerto Toc Toc, a obra de teatro As fabas máxicas e o concurso Os Bolechas e o Sabichón–, Brinca vai de aquí a acolá! preséntase co mesmo obxectivo: achegar o galego á xente miúda de xeito lúdico e divertido.


Dirixido a nenos e nenas de 6 a 9 anos e ás súas familias, o concerto-obradoiro está baseado no libro-disco Brinca vai!, que triunfa entre a cativada. Unha proposta na que a música, as cancións, o humor e o enxeño toman a palabra para convidar á creatividade e a viaxar ao longo dos doce meses do ano achegándolle á xente miúda da casa as tradicións, a natureza, os xogos ou as festas populares.

No plano musical, en Brinca vai de aquí a acolá! Paco Nogueiras bota man dun amplo abano de estilos e contrastes, dende o tecno ao rock, pasando polo reggae ou a música electrónica, aínda que sen esquecer as influencias tradicionais. Atractivos ritmos cos que este divertido artista ao que sempre acompaña o seu característico chapeu non tarda en conquistar o público infantil.


A música actúa así unha vez máis como fonte de transmisión do galego ao promover que a xente miúda siga cantando as cancións tras finalizar a actividade, na que os nenos e nenas cantan, bailan e brincan, gozando dunha auténtica festa na nosa lingua.

Coma sempre en FalaRedes, a entrada será libre e de balde ata completar a capacidade das salas. O programa de fomento do galego pechará esta terceira edición con preto de 200 sesións lúdicas a través de seis propostas de lecer no noso idioma.

Toda a información sobre FalaRedes 2014 estará dispoñible no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística [www.xunta.es/linguagalega/falaredes\\_2014](http://www.xunta.es/linguagalega/falaredes_2014) e nas redes sociais.



 @Falaredes

 Programa Falaredes

# BRINCA VAI DE AQUÍ A ACOLÁ!



## NOVEMBRO

- Domingo 2: **Cambados**, no Auditorio da Xuventude, ás 18:00 h
- Sábado 8: **Aranga**, no anexo do CEIP A Castellana, ás 12:00 h  
**Guitiriz**, na Casa Habanera, ás 18:30 h
- Domingo 9: **Palas de Rei**, na Casa da Cultura, ás 16:30 h
- Venres 14: **Redondela**, no Multiúsos do Piñeiral do Crego, en Chapela, ás 18:30 h
- Sábado 15: **Xunqueira de Espadanedo**, no Salón dos Claustros, ás 12:00 h  
**Viana do Bolo**, na Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Domingo 16: **O Bolo**, no Salón Multiúsos do Castelo, ás 13:00 h  
**A Rúa**, no Centro Cultural Avenida, ás 17:00 h
- Venres 21: **Cangas**, no Auditorio Municipal, ás 18:00
- Sábado 22: **Melón**, no Multiúsos Cruceiro Gordo, ás 12:00 h  
**Arbo**, no Auditorio do Centro Multiúsos, ás 18:00 h
- Domingo 23: **A Laracha**, na Casa da Cultura, ás 12:00 h
- Venres 28: **Boiro**, na Casa da Cultura Ramón Martínez López, ás 20:00
- Sábado 29: **Frades**, no Local Multiúsos, ás 12:00 h  
**O Vicedo**, na Casa da Cultura, ás 19:30 h
- Domingo 30: **Melide**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 18:30 h

## DECEMBRO

- Venres 5: **Viveiro**, no Teatro Pastor Díaz, ás 18:00 h
- Domingo 7: **Boborás**, no Local Social de Cameixa, ás 12:30 h  
**Corcubión**, na Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Luns 8: **Santa Comba**, na Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Venres 12: **A Coruña**, no Centro Ágora, ás 18:30 h
- Sábado 13: **Ramirás**, no Centro Social e Cultural do Picouto, ás 18:00 h
- Domingo 14: **Bergondo**, no Edificio A Senra, ás 12:00 h  
**Forcarei**, no Centro Social, ás 17:00 h
- Sábado 20: **Barro**, no Salón de Actos (Edificio Biblioteca), ás 12:00 h

